
A MEDIDA DUN HOME

Manuel Rivas

A Basilio Losada

Din deste tempo
Que xa non hai grandes verdades.
Pero eu sei dunha que mide o que mide un home
e os pasos que el alanca,
e o longo dos seus soños
e o largo dos recordos,
e o que aman os seus ollos
cando esculcan na néboa
como dous verderolos
que resisten o inverno
na póla dun poema enxertado no espiño.
Eu sei dunha grande verdade
co saber estar das árbores,
ese conto pousado,
e a lixeireza en verso
das aves emigrantes.
Eu sei dunha rexa verdade,
De humor tinto, curado,
Que lava o chisnar do frío
E espanta a sombra da nada.

Café Lisboa, en Portobello, Londres, a 1 de xuño do 2000